

*Anuncio do 24 de xaneiro de 2008, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a publicación das puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo aberto polo Anuncio do 10 de outubro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, polo que se comunica a apertura dun prazo para solicitar prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades de administración e dirección de empresas, organización e procesos de mantemento de vehículos, procesos e produtos en artes gráficas e sistemas electrónicos; profesores de música e artes escénicas especialidades de acordeón, arpa, canto, contrabaixo, clave, fagot, frauta de pico, gaita, óboe, percusión, trombón e viola da gamba.*

Publicada a lista provisional e resoltas as reclamacións, procede publicar o baremo definitivo e a relación de excluídos no taboleiro de anuncios da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, das delegacións provinciais e na páxina web desta consellería.

En consecuencia, esta secretaría xeral

#### RESOLVE:

Primeiro.-Facer públicas na Consellería de Educación e Ordenación Universitaria, nas delegacións provinciais e na páxina web desta consellería (<http://www.edu.xunta.es/profesorado/interinos-substitutos>) as puntuacións definitivas e a relación de excluídos do baremo para prazas de interinidades e substitucións no corpo de profesores de ensino secundario, especialidades de administración e dirección de empresas, organización e procesos de mantemento de vehículos, procesos e produtos en artes gráficas e sistemas electrónicos; profesores de música e artes escénicas especialidades de acordeón, arpa, canto, contrabaixo, clave, fagot, frauta de pico, gaita, óboe, percusión, trombón e viola da gamba.

Segundo.-Elevar a definitiva a relación provisional de excluídos publicada no anexo do Anuncio do 20 de decembro de 2007, da Secretaría Xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria (DOG do 28 de decembro de 2007) coa excepción de Irene Barrasa García, DNI 36164831-E; Miguel Collazo López, DNI 44081392-Y e M<sup>a</sup> Leonor Fernández Paz, DNI 76724085-H que pasan a formar parte da lista de admitidos na especialidade de administración e dirección de empresas do corpo de profesores de ensino secundario.

Terceiro.-Contra estas puntuacións definitivas poderá interpoñerse recurso de alzada no prazo dun mes, a partir do día seguinte ao da publicación deste

anuncio no *Diario Oficial de Galicia*, ante a conselleira de Educación e Ordenación Universitaria.

Santiago de Compostela, 24 de xaneiro de 2008.

Benito Fernández Rodríguez  
Secretario xeral da Consellería de Educación e Ordenación Universitaria

#### SERVIZO GALEGO DE SAÚDE

*Resolución do 9 de xaneiro de 2008, da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra, pola que se resolve a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal licenciado sanitario (coordinador de área).*

De conformidade co establecido no artigo 5.1º j) da Orde do 8 de maio de 2006, sobre delegación de competencias en órganos centrais e periféricos do Servizo Galego de Saúde, o director xerente da XAP de Pontevedra-Vigo

#### ACORDA:

Primeiro.-Resolver a convocatoria pública para a provisión dun posto de persoal licenciado sanitario (coordinador de área), anunciado pola Resolución do 5 de novembro de 2007 (DOG nº 227, do 23 de novembro).

Segundo.-Nomear no posto que se indica a persoa citada no anexo desta resolución.

Terceiro.-Contra esta resolución poderá interpoñerse, nos termos previstos na Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común, recurso de alzada perante a División de Recursos Humanos e Desenvolvemento Profesional do Servizo Galego de Saúde, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Cuarto.-Esta resolución estará exposta nos taboleiros de anuncios da XAP de Pontevedra, así como na páxina web do Servizo Galego de Saúde ([www.sergas.es](http://www.sergas.es)).

Pontevedra, 9 de xaneiro de 2008.

Antonio Ángel Regueiro Martínez  
Director xerente da Xerencia de Atención Primaria de Pontevedra

#### ANEXO

Posto de traballo: coordinador de área na Xerencia de Atención Primaria.

Nome e apelidos: Manuel Castro Pazos.

DNI: 33241752-J.